

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 9 de marzo de 2016, da Xefatura Territorial de Pontevedra, polo que se inicia a apertura do período da vista pública do expediente do terceiro treito do deslindamento (deslindamento parcial, actuación 2015) dos montes da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Atios (O Porriño).

Concluída a fase de apeo correspondente ao expediente do terceiro treito do deslindamento (deslindamento parcial, actuación 2015) dos montes da comunidade de montes veciñais en man común de Atios, concello do Porriño, en cumprimento do establecido polo artigo 49 da Lei 7/2012, do 20 de xuño, de montes de Galicia, ábrese o prazo de vista do citado expediente nas oficinas do Servizo de Montes, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería do Medio Rural, da Xunta de Galicia, Edificio Administrativo, rúa Fernández Ladreda, 43, Pontevedra, durante 20 días naturais a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de que poida ser examinado, de luns a venres, das 10.00 ás 13.00 horas. Durante o mesmo prazo xa especificado, pódense presentar alegacións referentes a este expediente e á práctica do apeo.

Pontevedra, 9 de marzo de 2016

Miguel Ángel Pérez Dubois
Xefe territorial de Pontevedra

CVE-DOG: kj8yags0-gfj7-e7m2-i1x5-utvmvex35it0

